

*Distribuidora Anarquista*  
*Polaris*

Presentámonos!

Somos a Distribuidora Anarquista Polaris.

### ***De que vai isto?***

No noso posto na rúa, que montaremos periódicamente, poderás atopar panfletos, fanzines e demais materiais. O noso obxectivo principal é poñer a disposición de calquer persoa interesada unha serie de documentos tanto autoeditados como tomados doutros proxectos afíns, cuia difusión, lectura e debate consideramos importante á hora de cuestionarnos a realidade circundante e adquirir a capacidade real de intervir sobre ela.

### ***Por que anarquistas?***

Porque non confiamos nas estruturas xerárquicas. Creemos firmemente que a Autoridade é un lastre que limita o noso desenvolvemento persoal e colectivo, suprimindo a nosa autonomía e creando persoas dependentes que non son donas da súa vida, sometidas á vontade e necesidades das altas oligarquías saqueadoras e explotadoras.

Porque creemos que o Estado é o máximo expoñente deste lastre, ferramenta coercitiva por excelencia que actúa de mediadora e se encarga de facer prevalecer os desexos dunha clase propietaria e dominante sobre as necesidades comúns, defendendo os seus intereses mediante leis hipócritas, cárceres inhumanas e exércitos armados de policía e militares.

Porque se nos organizamos, somos capaces de crear outro tipo de relacións que nos permitan vivir doutro xeito: Horizontal, Asambleario e Comunitario.

## *E que é iso de Polaris?*

Nos séculos XVIII e XIX, a estrela do Norte, tamén chamada Polaris, era o punto de referencia para a fuxida dos escravos negros dende o sur dos EE.UU. cara os Estados do Norte. Nós, aínda rexeitando calquera posición vangardista, tamén pretendemos ser unha referencia para aquelas persoas que sintan coma nós o desexo de fuxir da escravitude moderna do traballo asalariado e o consumismo, e de rebelarse contra este mundo enfermo e enloquecido pola mercadoría.

## *Entón sodes anarquistas? Non vos parece utópico?*

Non. Se pensásemos que é utópico, non tería sentido esforzarnos. Creemos que é preciso un cambio a gran escala e a moitos nivéis, e sabemos que isto esixe unha labor duradeira e a longo prazo. Pero vendo un mundo coma éste, sabemos que o mundo que levamos nos nosos corazóns non só é posible, tamén é necesario.

E aínda que dentro do colectivo mantemos as nosas diferencias, recoñecéndonos por momentos en correntes diferentes do pensamento anárquico, compartimos unhas bases, uns medios e uns obxectivos, e sentimos unhas afinidades que nos unen. Definímonos coma anarquistas autónomos, alleos a calquer sindicato, organización, partido político ou institución por enriba de nós mesmas e dos nosos propios desexos de asociarnos.

Convidámoste a coñecernos e compartir con nós dúbidas, opinións, críticas constructivas... Vémonos nas rúas!

*Distribuidora Anarquista Polaris*



CONTACTO  
DISTRIPOLARIS@RISEUP.NET